

IX CARREIRA do COCIDO de LALÍN - 2019

O **Concello de Lalín**, organiza o domingo 17 de Febreiro de 2019, a partir das 11 horas, a IX Carreira Pedestre do COCIDO, ca colaboración do Clube-Escola de Atletismo Deza.

A meta terá saída e chegada na rúa Luís González Taboada (xusto detrás da Igrexa), igual que nas derradeiras edicións. As probas contarán co control técnico o cronometraxe de Championchipnorte, e estarán suxeitas ao seguinte regulamento:

REGULAMENTO:

1. Poderá participar toda persoa que o desexe, a partir dos 3 anos de idade.

2. CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN :

Feminina e Masculina

- *CHUPETE: nados no 2014 e posteriores.

- *PRE-BENXAMÍN: nados no -2012-2013.

- BENXAMÍN: nados no 2010-2011.

- ALEVÍN: nados no 2008-2009

- INFANTIL: nados no 2006-2007

- CADETE: nados no 2004-2005

- XUVENIL: nados no 2002-2003

- XUNIOR: nados no 2000-2001

- PROMESA: nado no 1997-98-99

- SENIOR: nados no 1996 ata o día que se fan 35 anos.

- MASTER A, B, C e D: a partir de 35 e agrupados de 10 en 10 anos ata +65.

* As categorías chupete e pitufo non son categorías federativas

* Todos os atletas teñen vestiarios e duchas a súa disposición no Lalín Arena.

3. HORARIOS e DISTANCIAS:

09:30 Apertura mesa dorsais

10:50: 100 Metros pola inclusión

11:00 ABSOLUTA CIRCUITO 10 K e CIRCUITO 5 K (XUVENIL/JUNIOR-PROMESA-SENIOR-VETERANS). Unha volta circuito A para os 10.000 e media volta para os 5.000 metros.

11:50 ENTREGA DE TROFEOS DA CARREIRA DE 10 KM e 5 KM

12:15 (no remate da entrega de trofeos de adultos) INFANTIL, CADETE (1.800 metros).

Duas voltas o recorrido

12:30 h ALEVÍN (800 metros).

12:40 h BENXAMÍN (800 metros).

12:50 h PRE-BENXAMÍN (200 metros).

13:00 h CHUPETE (100 metros).

13:15 h ENTREGA DE TROFEOS ATA A CATEGORIA CADETE INCLUIDA.

4. INSCRIPCIONS CARREIRA:

A inscrición da carreira e de 5€ a partir da categoría xuvenil (incluída) o resto dos rapaces/as e totalmente gratuíto.

Os que non teñen chip en propiedade (amárelo) deberán pagar 1€ de aluguer. Este chip se devolverá o remate da carreira nos puntos indicados.

- A inscrición realizarase a través da plataforma de internet de: www.championchipnorte.com

5. PREMIOS e OBSEQUIOS

Os trofeos NON serán acumulativos.

CIRCUITO 5k:

- Trofeo aos 3 primeiros absolutos (femeninos e masculinos)

CIRCUITO 10k:

- Trofeo aos 3 primeiros absolutos (femeninos e masculinos)

- Trofeo aos 3 primeiros de cada categoría e sexo.

- Trofeo ao mellor atleta local (Non acumulativo).

- Trofeo ao atleta de maior idade, tanto feminino como masculino.

- Todos/as os nenos e nenas recibirán medalla conmemorativa

- Bebidas e froita e demais agasallos, ao termino de cada proba.

- Obsequio especial "Embutidos Lalinense", aos primeiros atletas masculino e feminino da carreira Absoluta e mellores clasificados locais, tamén da absoluta e o corredor mais veterano (masculino e feminino).

6. SAÍDA - META: Rúa Luís González Taboada.

7. DORSAIS: A tódolos participantes facilitaráselle dorsal correspondente a súa categoría, colocando o dorsal no seu peito de forma visible para a súa identificación durante a proba e a chegada. O feito de non levalo dará lugar á descalificación do corredor.

A RECOLLIDA do dorsal poderase facer na recepción do Lalín Arena o sábado pola mañá e tarde, e o propio domingo desde as 9:30 na carpa establecida na zona da Igrexa

8. CHIP: os atletas, dende benxamín, estarán ademais, identificados a través dun chip que se entregará en aluguer a cada corredor e que deberán colocar nas zapatillas antes da saída. Chegar a meta sen chip, será obxecto de descalificación. Todos os participantes teñen a OBRIGA de devolvelo ao finalizar a proba nos puntos sinalados o pasar a meta.

9. CONTROIS: O longo do percorrido, a organización establecerá controis que estimen oportunos, os cales poderán ser descalificantes para o que cometa algunha irregularidade.

10. Avituallamento: entregárase auga no km 5 do circuito de 10 K, e na línea de meta.

11. Dado o carácter estritamente popular, festivo e deportivo desta proba, a organización agarda de tódolos participantes o mellor espírito deportivo.

12. O descoñecemento deste regulamento, non exime do seu cumprimento.

RECORDAMOS A TODOS OS ATLETAS QUE TEMOS VESTIARIOS E DUCHAS NO LALIN ARENA A VOSA DISPOSICIÓN

PARKINGS GRATUÍTOS NO LALÍN ARENA E NA META NO PARKING ALDEA GRANDE

SERVIZO DE GARDARROUPA NO PARKING ALDEA GRANDE

SERVIZO DE ANIMACIÓN E CANGURAXE